

Instrucións para o acceso ás Ensinanzas Artísticas Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 22/23



ESCOLA • SUPERIOR
DE • CONSERVACION
E • RESTAVRACION
DE • BENS • CULTVRAIS
DE • GALICIA

Toda a información en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/380>

REQUISITOS DE ACCESO:

Requisitos para o acceso directo:

Poderán acceder directamente e sen necesidade de realizar a proba específica de aptitudes quen estea en posesión dun **título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño**, para os cales se reserva un 20% das prazas.

Estas persoas deberán formalizar igualmente a súa inscrición no proceso de acceso e admisión segundo o procedemento e calendario establecido.

Requisitos para o acceso mediante proba:

1º Cumprir un dos seguintes requisitos académicos:

- a) **Título de Bacharelato ou equivalente.** Aquelas persoas que teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán inscribirse no proceso de acceso e admisión e realizar a dita proba, e, no caso de superala, poderán optar á asignación da praza solicitada, unha vez que estean en posesión do título de bacharelato.
- b) **Título de licenciado ou graduado universitario.**
- c) **Ter superada a Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.**

- d) Para os que non cumpren os requisitos académicos e teñen 18 anos, ter superada unha **proba de acceso** (que é unha proba substitutiva dos requisitos de titulación).

2º Superar unha proba específica de aptitudes:

Esta proba específica é obrigatoria para todos os que soliciten admisión, salvo os que teñan acceso directo por te o título de técnico superior en artes plásticas e deseño.

A proba específica terá por obxecto demostrar que o aspirante posúe a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos e será única para as diferentes especialidades destes estudos superiores.

A superación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais faculta, unicamente, para matricularse no curso 22/23 en calquera dos centros do Estado.

Consta de 2 exercicios:

Exercicio 1: Madureza e formación. Análise dun texto relacionado cos bens culturais que pretenderá apreciar madureza e formación xeral, especialmente no referente á comprensión de conceptos, utilización da linguaxe e capacidade de síntese e relación.

Exercicio 2: Aptitude plástica. Constará das seguintes partes:

1. Realización dun debuxo do natural, de enfoque mimético, con modelo real, exento e inanimado. Valorarase a fidelidade na representación, a calidade do grafismo e a precisión e acabamento do traballo.
2. Realización dun traballo sobre representación de cor. Considerarase a correcta utilización das técnicas empregadas e o grao de comprensión dos valores e calidades de cor.
3. Realización dun traballo práctico para a valoración das aptitudes específicas que requiren os estudos de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Considerarase a habilidade manual, a meticulosidade e a pulcritude na realización do traballo.



INSCRIPCIÓN NO PROCESO:

O prazo para inscribirse está comprendido entre o 22 de abril e o 23 de maio de 2022 . As persoas aspirantes que non se acollan a realizar a proba que substitúe o requisito de titulación, é dicir, que están en posesión da titulación académica requerida, poderán presentar solicitude **ata o 23 de xuño de 2022** incluído.

Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar adaptación das probas.

Resérvase un 10% das prazas para aspirantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade do 33% ou superior e para deportistas de alto rendemento e/ou nivel.

Con carácter xeral, as solicitudes deberán realizarse de xeito telemático cubrindo o formulario dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/eas/> , e empregando o certificado dixital ou sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Para completar o proceso de inscrición, deberase presentar unha copia da solicitude, xunto coa documentación requirida, na Secretaría da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Tamén se poderá formalizar a inscrición directamente na secretaría da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

PROBA DE ACCESO PARA QUEN NON CUMpra OS REQUISITOS ACADÉMICOS (PROBA SUSTITUTIVA DOS REQUISITOS DE TITULACIÓN):

Celébrase o día **31 de maio** no IES San Clemente de Santiago de Compostela.

Ver horarios e características da proba na [Resolución de 7 abril de 2022](#) (Anexo I).

Esta proba, unha vez superada, ten validez permantente en todo o territorio nacional.

PROBA ESPECÍFICA:

Celebraranse o día **5 de xullo** na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Ver características da proba na [Resolución de 7 de abril de 2022](#) (Anexo II).

MATRÍCULA NAS ENSINANZAS:

Entre o **19 e 21 de xullo** de 2022.

PROCESO EXTRAORDINARIO DE ACCESO:

No caso de quedaren prazas vacantes, poderanse realizar probas de acceso extraordinarias no mes de setembro.

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://escolaconservacion.gal/?lang=es>

E no departamento de orientación do instituto!